



Resolución do 21 de decembro de 2022, da comisión que deberá cualificar o proceso de selección para a cobertura dun posto de persoal directivo no Igape (xefe/a da Unidade de Proxectos Estratéxicos), convocado por Resolución do 8 de xullo de 2022, publicada no Diario Oficial de Galicia número 154 do venres, 12 de agosto de 2022.

Na sesión que tivo lugar o día 20 de decembro de 2022, a comisión nomeada pola Resolución de 2 de setembro de 2022 pola que se nomea a Comisión de Selección que deberá cualificar o proceso para a cobertura dun posto de persoal directivo (xefe/a da Unidade de Proxectos Estratéxicos), publicada no DOG núm. 174 do martes, 13 de setembro de 2022, de conformidade co disposto nos puntos 10 e 12 das bases,

ACORDOU:

Primeiro.- Elevar a definitivo o listado coas puntuacións do proceso selectivo, e publicar na web e no taboleiro de anuncios do Igape a lista definitiva coas puntuacións do proceso selectivo, que figura no ANEXO da presente Resolución.

Segundo.- Propoñerlle á persoa titular da Dirección Xeral do Igape a selección da candidata Natalia Barros Sánchez, con NIF 32800036N, para o posto de Xefe/a da Unidade de Proxectos Estratéxicos.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2022

O presidente da Comisión

Norberto Penedo Rey





ANEXO

PUNTUACIÓN DEFINITIVA PROCESO SELECTIVO

DENOMINACIÓN DO POSTO: xefe/a da Unidade de Proxectos Estratéxicos

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: *Diario Oficial de Galicia* número 154 do venres,
12 de agosto de 2022

DATA DO LISTADO: 21 de decembro de 2022

APELIDOS, NOME	NIF	PUNTOS
BARROS SÁNCHEZ, NATALIA	32800036N	1.1. TOTAL MÉRITOS: 62,82 puntos
		1.1.1. Formación: 4,67 puntos
		1.1.2. Experiencia: 58,15 puntos
		1.2. Plan de actuación: 17,50 puntos
		TOTAL 1ª FASE: 80,32 puntos
		TOTAL 2ª FASE: 10 puntos
		TOTAL PROCESO SELECTIVO: 90,32 puntos

